

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 18 de setembro de dous mil vinte e catro ; as nove horas e vinte e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 5 de setembro de 2024..

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **Outorgamento licenza de obras 1364 /2023 RIB / S/ 393.3/23**

Vista a solicitude formulada por don Enrique Otero González en representación de dona Sara Pinal Osorio e don Javier Garrido Pumar para PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REHABILITACIÓN DUN EDIFICIO DE DÚAS VIVENDAS E UN LOCAL NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA na Travesía Porta Nova nº 5 -Praza da Madalena na parcela con referencia catastral 0822204NG7802S

*Consta no expediente:*

- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REHABILITACIÓN DE DUAS VIVENDAS E UN LOCAL NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA ( OURENSE), visado 2401978,2, 17.04.2024 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e redactado e asinado polo arquitecto Enrique Otero González e Rafael Otero González.

-Aprobación da comisión de seguimento do PEPRI de 22 de setembro de 2023.

-Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ***pola que se autoriza o seguinte proxecto de Control Arqueolóxico para obras de reforma dun edificio de dúas vivendas e un local situado na Travesía de Porta Nova 5 – Praza da Madalena 6. Ribadavia*** de data de sinatura de 13 de xuño de 2024,

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Begoña Arregui Rodríguez de 13/9/2024.

-Informe do Secretario municipal de 16/9/2024.

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :*

Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas no PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REHABILITACIÓN DE DUAS VIVENDAS E UN LOCAL NO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA ( OURENSE), visado 2401978,2, 17.04.2024 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e redactado e asinado polo arquitecto Enrique Otero González e Rafael Otero González. na Travesía Porta Nova nº 5 -Praza da Madalena na parcela con referencia catastral 0822204NG7802S

-Autorízase a excepcionalidade de cumprimento da Normativa de habitabilidade, Decreto 29/2010 dos seguintes aspectos:

- Apartado A.1.1 Condición de vivenda exterior, dado que a disposición das vivendas a reformar e a disposición dos ocós de fachada e patios interiores fan imposible que a estancia maior e outra estancia teñan iluminación e ventilación natural e relación co exterior, conforme ao Anexo II 3.2.d).
- Apartado A.1.2. Iluminación, ventilación natural e relación co exterior, dado que se manteñen os ocós existentes en fachada polas determinacións da normativa urbanística e de protección do patrimonio, conforme ao Anexo II 3.2.d).
- Apartado A.3.2.2. Superficie dos servizos, na vivenda 1 ten unha superficie de 4,53 m<sup>2</sup>, non acada os 5 m<sup>2</sup>. Dado que se trata dunha reforma interior de vivenda e a nova distribución mellora as condicións da vivenda, conforme ao Anexo II 3.2.f).

## 1 Condicións particulares:

Estarase ao disposto na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural *pola que se autoriza o seguinte Proxecto de Control Arqueolóxico para obras de reforma dun edificio de dúas vivendas e un local situado na Travesía de Porta Nova 5 – Praza da Madalena 6. Ribadavia* de data de sinatura de 13 de xuño de 2024, autorízase: “ a Francisco Javier Chao Álvarez, na súa calidade de arqueólogo solicitante, para executar o Proxecto de Sondaxes arqueolóxicas previas as obras de reforma dun edificio de dúas vivendas e un local situado na Travesía do Porta Nova 5 – Praza da Madalena 6, Ribadavia, que se clasifica como actividade preventiva. O tempo de execución será de 5 días.

Os traballos suxeitaranse ás seguintes condicións:

- a) *De apareceren restos arqueolóxicos deberase informar, de inmediato, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que adoptará as medidas protectoras e correctoras oportunas.*
- b) *Os materiais arqueolóxicos e demais documentación complementaria depositarase provisionalmente no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, no prazo de seis meses.*
- c) *O arqueólogo autorizado deberá comunicar as datas de inicio e remate da actividade. Ao remate da actuación, e nun prazo máximo de dez días, presentarase un informe da mesma. No prazo de un mes os datos dos xacementos arqueolóxicos nos modelos normativizados, e no prazo de seis meses a memoria técnica e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do Museo.*
- d) *Unha copia do conxunto da memoria presentarase en soporte dixital, formato PDF ou compatible, asinada dixitalmente.*
- e) *Presentaranse fotografías xerais e de detalle da intervención da calidade ( formato JPG, TIFF, ou similar), debidamente identificadas ou acompañadas dun índice en formato texto, incluído os vídeos e fotos do dron.*
- f) *Inventario de materiais en soporte electrónico (formato ODS, MDB, ...).*
- g) *No non previsto nesta resolución, observarase o disposto nos artigos 9 e 16 do citado Decreto 199/1997.”*

Estarase ao disposto no informe da empresa concesionaria dos servizos Aqualia de data 11 de setembro de 2024 na execución das obras de conexión coas redes municipais de saneamento, de recollida de augas pluviais e de abastecemento de auga:

*“A vivenda sobre a que se solicita informe dispón de acometida tanto de abastecemento e saneamento, ambas renovadas no punto de entronque coa rede xeral cando se executou a actuación de renovación das tubaxes do Casco Histórico.*

*Este inmovible consta na base de datos de Aqualia con contrato en estado de baixa dende o ano 2013.*

*Descoñécese o estado da acometida na parte próxima á vivenda dado que no interior do inmovible pode observarse que se trata dunha acometida de chumbo, polo que sería aconsellable modificar ese tramo de acometida por parte da propiedade.”*

## **2.-Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

**Nome ou razón social do promotor:** D<sup>a</sup> Sara Pinal Osorio e don Javier Garrido Pumar

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó da notificación.

### **RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:**

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

### **Outorgamento licenza de obras 949/2024 RIB / N/ 33.2/24**

Vista a solicitude formulada por dona Mónica López Alvarez en representación da area provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo para PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REHABILITACIÓN DUN EDIFICIO PARA CINCO VIVENDAS VPP CINCO ROCHOS E UN LOCAL “ na Praza García Boente nº1 na parcela con referencia catastral 0823301NG7802S

*Consta no expediente:*

- *Proxecto Básico e de Execución para Rehabilitación dun edificio para cinco vivendas VPP, cinco rochos e un local*". de data de sinatura de 5 de abril de 2024, está asinado polos arquitectos D. Óscar López Alba o e Dona Clara María Murado López, colexiados nº 2.576 e 2.273 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, UTE OME; Modificado de "*Proxecto Básico e de Execución para Rehabilitación dun edificio para cinco vivendas VPP, cinco rochos e un local*", asinado polos arquitectos D. Óscar López Alba o e Dona Clara María Murado López, colexiados nº 2.576 e 2.273 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, UTE OME, as partes modificadas están asinadas en data 8 de agosto de 2024; *Proxecto Técnico de Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións* redactado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Carlos Balsa Castro, colexiado nº 5695, visado data 31/07/2023 nº 2314684-00 polo Colexio Oficial de Ingenieros Técnicos de Telecomunicación; e *Proxecto de Sondeos e Control arqueolóxico para rehabilitación de edificio en praza García Boente nº 1, de Ribadavia, (Ourense)*, redactado polo arqueólogo Celso Rodríguez Cao.

- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL SOBRE REHABILITACIÓN EDIFICIO PARA 5 VIVENDAS VPP, 5 ROCHOS E LOCAL COMERCIAL, na que se resolve: *AUTORIZAR as actuacións solicitadas debendo cumprir as consideracións que recolle os informes da arquitecta municipal do Departamento de Urbanismo/Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e as seguintes cautelas que se revisarán durante a execución das obras: ...*

- Resolución da solicitude de autorización da excepcionalidade do cumprimento das Normas de Habitabilidade de vivendas de Galicia, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con data de sinatura de 26 de abril de 2024.

- "*Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se Autoriza o Seguinte Proxecto de Control Arqueolóxico para rehabilitación e ampliación de edificio na praza García Boente núm. 1. Ribadavia*" de data de sinatura 13 de xuño de 2024, na que se sinala a D. Celso Rodríguez Cao como arqueólogo da actuación.

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Begoña Arregui Rodríguez de 16/9/2024.

-Informe do Secretario municipal de 16/9/2024.

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :*

**Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas no *Proxecto Básico e de Execución para Rehabilitación dun edificio para cinco vivendas VPP, cinco rochos e un local*".** de data de sinatura de 5 de abril de 2024, está asinado polos arquitectos D. Óscar López Alba o e Dona Clara María Murado López, colexiados nº 2.576 e 2.273 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, UTE OME; Modificado de "*Proxecto Básico e de Execución para Rehabilitación dun edificio para cinco vivendas VPP, cinco rochos e un local*", asinado polos arquitectos D. Óscar López Alba o e Dona Clara María Murado López, colexiados nº 2.576 e 2.273 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, UTE OME, as partes modificadas están asinadas en data 8 de agosto de 2024; *Proxecto Técnico de Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións* redactado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Carlos Balsa Castro, colexiado nº 5695, visado data 31/07/2023 nº 2314684-00 polo Colexio Oficial de Ingenieros Técnicos de Telecomunicación; e *Proxecto de Sondeos e Control arqueolóxico para rehabilitación de edificio en praza García Boente nº 1, de Ribadavia, (Ourense)*, redactado polo arqueólogo Celso Rodríguez Cao.

-Autorízase a excepcionalidade de cumprimento da Normativa de habitabilidade, Decreto 29/2010 dos seguintes aspectos:

Os elementos comúns apartados B.2.1.1.b) e B.2.1.1.c):

b) *En contacto coa porta de acceso non é posible inscribirse, no exterior, un rectángulo de dimensións mínimas 1,20 m x 2,40 m libre de obstáculos, debido á configuración da fachada que hai que manter por normativa urbanística.*

c) *O portal non pode contar cun oco de iluminación aberto ao espazo exterior dun ancho e altura mínimos de 2,40 m., polo mesmo motivo que o punto anterior.*

Vivenda 1Ae 2A o apartado A.1.2.a):

a) *Non se cumpre a superficie mínima de acristalamento para iluminación nas pezas vivideiras, pola conservación dos ocos existentes de fachada pola catalogación do inmovible dentro do Plan Especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Ribadavia.*

## 1 Condicións particulares:

Estarase ao disposto na RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL SOBRE REHABILITACIÓN EDIFICIO PARA 5 VIVENDAS VPP, 5 ROCHOS E LOCAL COMERCIAL, na que se resolve: *AUTORIZAR as actuacións solicitadas debendo cumprir as consideracións que recolle os informes da arquitecta municipal do Departamento de Urbanismo/Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e as seguintes cautelas que se revisarán durante a execución das obras:*

Ao respecto das actuacións puntuais sobre dos restos da muralla, estarán suxeitas ao resultado do seguimento arqueolóxico que xunto cos servizos técnicos de arquitectura, revisarán a solución a empregar en base aos resultados obtidos coa premisa da máxima integración da actuación e respecto e posta en valor do ben cultural.

Eliminarán a solución das "reixas" cara rúa Extramuros planta segunda e terceira e cara a rúa San Martiño planta terceira (realizadas con montantes verticais cada metro, en pletinas de aceiro inoxidable lacadas), pola súa excesiva presenza nunha esquina estratéxica con perspectivas destacadas dentro da imaxe da vila, tanto a nivel da rúa e praza como das visualizacións da cuberta, ao tratarse dunha actuación que afecta a un inmovible sobranceiro, que conserva parte dos restos da muralla e peto singular. A proposta non está xustificada nas referencias tradicionais, cuxa resolución habitual consiste en varanda sinxela; a mais pode converterse nun precedente formal para intervencións futuras.

No lateral da cuberta da galería cara á rúa San Martiño, manterá o deseño actual, eliminando a creba en diagonal.

Na fachada á rúa San Martiño, deberá recuperala carpintería a haces exteriores, como existía antigamente, para dar unidade coa outra fachada. Na planta baixa deberá eliminar o tabique divisorio entre o espazo de bicicletas e as instalacións, apegada ó arco existente, co fin de dar unha solución mais respectuosa co arco que se conserva na fachada

En canto ao sistema estrutural, deberá respectar as fábricas de pedra que se conservan e evitar solucións alleas e mais acordes coa protección do edificio e dos elementos que son visible dende o espazo público.

- A estrutura da galería non poderá resolverse con perfís de aceiro empotrados nos muros de fachada (ver detalle 3.1 plano E 03) así como os elementos inclinados debuxados, pero non definidos, nos planos de alzados e sección, buscando unha solución acorde e tradicional a este tipo de voos.

Na zona do soportal, quedarán agachados os elementos estruturais de aceiro (trabes e chapa grecada, detalle 2.1A do plano E02), garantindo a continuidade co resto do soportal compartido co inmovible lindeiro.

As cores a empregar serán as tradicionais existentes nas solucións dos propios inmobles do CHA de Ribadavia.

As chemineas serán en zinc a xogo con outros elementos construtivos do propio inmoble. Tentará reducir o seu número, centralas o máis posible e aproximalas ó cumio.

Os equipos de captación de sinais de TV-radio, mastros e antenas colocaranse en puntos fora do campo de visión do espazo público (faldróns de cuberta cara o interior do patio).

Soterrarse todo o cableado (electricidade, telefonía, telecomunicacións) que discorre polas fachadas da edificación.

Prohíbese a colocación na envolvente exterior de elementos técnicos das instalacións como os do sistema de climatización ou ventilación (sobre todo as unidades exteriores de aeroterminia).

Os contadores e caixas de rexistro das instalacións de subministración situaranse preferentemente no interior do inmoble. Remitirá proposta da situación da caixa de protección eléctrica, da menor dimensión posible e xustificará a súa posición que terá a menor afección sobre as fábricas de granito do inmoble. O equipo de medida disporase en zona interior non visible dende o espazo público.

**Estarase ao disposto na “Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se Autoriza o Seguinte Proxecto de Control Arqueolóxico para rehabilitación e ampliación de edificio na praza García Boente núm. 1. Ribadavia” de data de sinatura 13 de xuño de 2024, na que se sinala a D. Celso Rodríguez Cao**

**Consonte ao sinalado no informe da arquitecta municipal:**

**Na execución das obras deberán cumprirse as seguintes cautelas:**

- **A cor da carpintería exterior de madeira axustarase ao sinalado no artigo 51. Carpintería exterior de ocós de fachada .**
- **Na fachada ao patio interior no volume que acolle as instalacións para a climatización, propónse un cerramento singular que permita a ventilación, formado por unha subestrutura de perfís de aluminio sobre a cal van instaladas lamas en Z de aluminio en cor sen definir. A cor deberá integrarse co resto da fachada.**
- **Os novos canos e baixantes proxéctanse de cinc, que deberán ser na súa cor natural, e nas baixantes cara o espazo público proxéctase un elemento de protección de aceiro lacado en cor a decidir. Segundo o disposto no artigo 53. Canos das Ordenanzas do PEPRI, as baixantes vistas na parte inferior levarán elemento de protección de fundición ata unha altura de 2,00 m.**
- **Nas fachadas ao patio interior obsérvase que a nivel de planta baixa, no tramo que se corresponde cos rochos o acabado proposto para a fachada é *Alicatado formato 10x10 acabado mate. Tipo Top Cer o equivalente, 2 cores a elegir en obra. Rexuntado color branco, pero segundo o artigo 47.1 Fachadas* están prohibidos os materiais cerámicos, e aínda que se trata dunha fachada secundaria deberá ter o mesmo tratamento que a fachada principal.**

**Fixase un Aval económico, coa finalidade de garantir o correcto estado do vial público unha vez rematadas as obras de conexión coas rede de saneamento e de abastecemento de auga, será de 2.569,66 € (dous mil cincocentos sesenta e nove euros con sesenta e seis céntimos), correspondentes a suma das partidas 09.02.01.01+09.02.01.02+09.04.01+09.04.02+ 6% BI+13% GX+21% IVE.**

As tapas das arquetas deberán ser de pedra, similares ás existentes nas rúas renovadas do Casco Histórico

## **2.-Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará*

*implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

**Nome ou razón social do promotor:** Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos , a contar dende o día seguinte ó da notificación.

RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Imposto de construcións, instalacións e obras: Xirase unha taxa polo imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 22.642,31 euros.

### **3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIADANS.-**

#### **ACTUACIÓNS EN AREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL .ACORDO DE COMISIÓN BILATERAL DO 1/12/2021 .CONCELLO RIBADAVIA, AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA , FASE DE ACTUACIÓN 15 ° CONVENIO.**

Que ao abeiro da 15ª convocatoria municipal de data 3 de decembro de 2018 , publicada no BOP o día 10 de decembro de 2018, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación que se relacionan os apartados A e B para as que se solicita a súa calificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 106/2018 polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 26 de outubro de 2018..

Que os titulares dos expedientes que se tramitan cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, RD 106/2018. Se cumpren os requisitos de documentación relativa á personalidade dos solicitantes, titularidade e destino das vivendas , tipo de actuacións de rehabilitación protexibles, requisitos para obter a condición de beneficiarios tanto xerais como establecidos nas Leis de subvencións como específicos que refire o RD 106/2018 para actuacións en áreas de rehabilitación.

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licencias municipais de obras.

A Datos da persoa solicitante e vivendas/edificios

Nome e apelidos	Nif/cif	Enderezo inmoible	Tipoloxia vivenda	Edificio/Vivenda BIC	Nº vivendas	Referencia Catastral vivendas	Nº de locais	Referencia Catastral	M2
Luis Iglesias Rodríguez	76712002X	Rúa Rego de Auga 11-1º	Vivenda	X	1	0724814NG7802S0002YY			

#### B DATOS DA ACTUACIÓN

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro dos seus correspondentes títulos habilitantes municipais ( licenzas municipais, comunicación previa de obras).

Referencia catastral	Tipo de actuación	Actuacións previstas de rehabilitación	Custo actuación ( sen IVE)	Sub máx prevista MF	Sub máxima prevista Xunta	Fin previsto actuación ( meses)
0724814NG7802S0002YY	Rehabilitación	Conservación	31.729,35 €	9.000,00€	3.174,94 €	12 meses

#### **ACTUACIÓN EN ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL .ACORDO DE COMISIÓN BILATERAL DO 1/12/2021 .CONCELLO RIBADAVIA, ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA , FASE DE ACTUACIÓN 15º CONVENIO.**

Que ao abeiro da 15ª convocatoria municipal de data 3 de decembro de 2018 , publicada no BOP o día 10 de decembro de 2018, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación que se relacionan os apartados A e B para as que se solicita a súa calificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 106/2018 polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 26 de outubro de 2018... Que os titulares dos expedientes que se tramitan cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, RD 106/2018. Se cumpren os requisitos de documentación relativa á personalidade dos solicitantes, titularidade e destino das vivendas , tipo de actuacións



de rehabilitación protexibles, requisitos para obter a condición de beneficiarios tanto xerais como establecidos nas Leis de subvencións como específicos que refire o RD 106/2018 para actuacións en áreas de rehabilitación.

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licencias municipais de obras.

#### A Datos da persoa solicitante e vivendas/edificios

Nome e apelidos	Nif/cif	Enderezo inmovble	Tipoloxia vivenda	Edificio/ Vivenda BIC	Nº vivendas	Referencia Catastral vivendas	Nº de locais	Referencia Catastral	M2
Luis Iglesias Rodríguez	76712002X	Rúa Rego de Auga 11-2º	Vivenda	X	1	0724814NG7802S0003UU  0724814NG7802S0002YY	1	0728414NG7802S0001TT	

#### B DATOS DA ACTUACIÓN

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro dos seus correspondentes títulos habilitantes municipais ( licenzas municipais, comunicación previa de obras).

Referencia catastral	Tipo de actuación	Actuaciones previstas de rehabilitación	Custo actuación ( sen IVE)	Sub máx prevista MF	Sub máxima prevista Xunta	Fin previsto actuación ( meses)
	Rehabilitación	Conservación	7.225,52	8.889,80€		24 meses

0728414NG7802S0001 TT		Eficiencia enerxética	24.315,95		0,00 €	
--------------------------	--	-----------------------	-----------	--	--------	--

**ACTUACIÓN EN ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL .ACORDO DE COMISIÓN BILATERAL DO 1/12/2021 .CONCELLO RIBADAVIA, ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA , FASE DE ACTUACIÓN 15 ° CONVENIO.**

Que ao abeiro da 15ª convocatoria municipal de data 3 de decembro de 2018 , publicada no BOP o día 10 de decembro de 2018, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación que se relacionan os apartados A e B para as que se solicita a súa calificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 106/2018 polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 26 de outubro de 2018..

Que os titulares dos expedientes que se tramitan cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, RD 106/2018. Se cumpren os requisitos de documentación relativa á personalidade dos solicitantes, titularidade e destino das vivendas , tipo de actuacións de rehabilitación protexibles, requisitos para obter a condición de beneficiarios tanto xerais como establecidos nas Leis de subvencións como específicos que refire o RD 106/2018 para actuacións en áreas de rehabilitación.

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licencias municipais de obras.

**A Datos da persoa solicitante e vivendas/edificios**

Nome e apelidos	Nif/cif	Enderezo inmovible	Tipoloxía vivenda	Edificio/Vivenda BIC	Nº vivendas	Referencia Catastral vivendas	Nº de locais	Referencia Catastral	M2
Luis Iglesias Rodríguez	76712002X	Rúa Rego de Auga 11	Residencial colectiva	X	2	0724814NG7802S0003UU			

**B DATOS DA ACTUACIÓN**

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro dos seus correspondentes títulos habilitantes municipais ( licenzas municipais, comunicación previa de obras).

Referencia catastral	Tipo de actuación	Actuaciones previstas de rehabilitación	Custo actuación ( sen IVE)	Sub máx prevista MF	Sub máxima prevista Xunta	Fin previsto actuación ( meses)
0724814NG7802S0003UU	Rehabilitación	Conservación	25.491,60 €	9.000,00€	2.594,16 €	12 meses

0724814NG7802S0002YY	Rehabilitación	Conservación Eficiencia enerxética	7.581,27 25.513,14	3.032,51 10.205,26	3.309,44	24 meses
0724814NG7802S0003UU	Rehabilitación	Conservación Eficiencia enerxética	7.581,27 25.513,14	3.032,51 10.205,26	3.309,44	24 meses

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

#### **5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACIÓN DE FACTURA**

1º.- A Xunta de Goberno Local por unanimidade, presta aprobación a factura núm. 100 presentada por Mouxion S.L., con data 02.09.2024, relativa o programa Concilia Veran 2024, mes de agosto, por importe de 10.999,99 euros.

2º.- A Xunta de Goberno Local por unanimidade, presta aprobación a factura núm. 94 presentada por Mouxion S.L., con data 06.08.2024, relativa o programa Concilia Veran 2024, mes de xullo, por importe de 16.445 euros.

3º.- A Xunta de Goberno Local por unanimidade, presta aprobación a factura núm. 17/2024 presentada por Alice Ripoll Producoes Ltda, con data 10.09.24, relativa a actuación teatral na Mostra Internacional de Teatro 2024, por importe de 10.440 euros.

4º.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a 1ª liquidación 2024, relativa a cofinanciamento da escola infantil de Ribadavia, presenta polo Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar, por importe de 13.050 euros.

5º.- A Xunta de Goberno Local por unanimidade, presta aprobación a factura núm. 7/2024 presentada por Alice Ripoll Producoes Ltda, con data 07.05.24, relativa a actuación teatral na Mostra Internacional de Teatro 2024, por importe de 9.942 euros.

#### **APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2024.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2024, por importe de 51.016,63 euros, tarifa de depuración por importe de 9.898,50 euros, máis 6.104,67 euros de IVE, resultando un total de 67.019,8 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2024, por importe de 18.578,54 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.823,94 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 10.185,25 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de Outubro e o 22 de Novembro de 2024”.

#### **BASES PARA SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE PEON FORESTAL POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION.**

A efectos de dar cumprimento ao esixido ao concello de Ribadavia polo Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural e a entidade local de Ribadavia para a realización de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural ( FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, aproba a contratación dunha praza de peon forestal e as seguintes bases:

#### **BASES**

##### **I. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS A CUBRIR E SISTEMA SELECTIVO ELIXIDO.**

1. Convócanse procedemento para cubrir unha praza pertencente á categoría de peón forestal mediante a figura de contrato laboral temporal, ao abeiro da Disposición Adicional Quinta, párrafo 2º, do Real decreto lei 32/2021 de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, a través do sistema de acceso de concurso-oposición.

2. A adxudicación da praza ao aspirante aprobado efectuarase de acordo coa cualificación final obtida por este, de conformidade co disposto na Base 4ª.

3. Ao presente proceso selectivo seralle de aplicación o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/84 do 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública no que non fose derogada pola anterior, a Lei 7/85 do 2 de abril de Réxime Local, RDL

781/86 do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/91 do 7 de xuño, as presentes Bases Reguladoras xunto cos anexos que a acompañan, e supletoriamente o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, así como a Sentenza do Tribunal Constitucional 67/1989 e Real decreto lei 32/2021 de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo

## II. CONDICIÓN E REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR OS/ÁS ASPIRANTES.

1. Para ser admitido á realización das presentes probas selectivas para o acceso ás prazas convocadas, os/as aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou atoparse nos supostos previstos no artigo 57.4 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. Non obstante, cando algunhas das prazas estea reservada aos que teñan a condición de minusválido/a, non se establecen limitacións físicas ou psíquicas senón no caso de que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións encomendadas.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se achar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española non deberán estar sometidos a sanción disciplinaria nin condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- e) Non estar incurso/a en causa de incapacidade das establecidas na normativa vixente de Función pública.
- f) Estar en posesión do carné de conducir B.

2. Os requisitos establecidos nestas Bases haberán de ser acreditados no momento de presentación de instancias e mantelos ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal.

3. O procedemento selectivo será o de concurso-oposición previsto no artigo 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente convocatoria será publicada nun diario de máxima difusión na provincia, na páxina web [www.ribadavia.es](http://www.ribadavia.es) e no taboleiro de anuncios do concello.

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes (ANEXO I) no prazo de TRES DIAS HABLES seguintes ao da publicación da convocatoria nun diario de maior difusión da provincia, no Rexistro Xeral do Concello de Ribadavia en horario de 9.00 a 14.00 h. Tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, neste caso, as persoas concursantes deberán comunicalo mediante email ([secretaria@ribadavia.es](mailto:secretaria@ribadavia.es)) durante o mesmo prazo que o da presentación de instancias.

## III. TRIBUNAL.

1. A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso a praza convocada.

2. O Tribunal cualificador do proceso selectivo estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Un funcionario do Concello designado pola Alcaldesa.

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: Tres Funcionarios ou persoal laboral do Concello designados pola Alcaldesa .

Os funcionarios ou persoal laboral designados deberá ter a mesma ou superior titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

3. Os aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal nos termos do art. 24 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 de dita lei.

4. Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza en todo caso, do Presidente e do secretario do Tribunal, ou no seu caso, dos que lle substitúan, e da metade polo menos dos seus membros designados como vogais, sen que en ningún caso poidan ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

5. O Tribunal terá capacidade para resolver cantas dúbidas e incidencias formúlense, adoptando as medidas necesarias para o normal desenvolvemento do proceso selectivo.

6. Para a cualificación dos aspirantes o Tribunal axustarase ao disposto na base IV. A) desta convocatoria.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

7. Concluído o proceso selectivo, o Tribunal fará público no Taboleiro de Anuncios, a cualificación final dos aspirantes, con indicación da puntuación obtida na fase de concurso e entrevista curricular, declarando aprobado ao aspirante que obtivera a máxima puntuación.

As persoas seleccionadas quedarán supeditadas a superar o recoñecemento médico pertinente, superación das probas físicas e curso teórico-práctico.

8. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao de prazas/postos convocados. As propostas de aprobados que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

9. Aos efectos de comunicacións e incidencias o Tribunal terá a súa sede na do Concello de Ribadavia.

10. Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización ou valoración das probas e para a publicación dos resultados.

#### IV. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

1. As probas selectivas constarán dunha fase de concurso-oposición e unha entrevista curricular.

2. Fase de concurso. O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 5 puntos. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

A) Valoración de méritos.

A.1 Méritos Profesionais.

a) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,10 puntos ata un máximo total de 2 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas ou como autónomo na praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,05 puntos ata un máximo total de 1 punto.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

A.2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade.

- Por cursos de 10 a 40 horas de duración: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,40 puntos.

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,20 puntos, ata un máximo de 0,80 puntos..

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,30 puntos, ata un máximo de 1,20 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación de 0,05 puntos.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A.3. Outros Méritos. Estar en posesión de:

- Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos

- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos

- Curso de especialización: 0,60 puntos

Só se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e só o de maior puntuación.

## B) Xustificación dos méritos alegados.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

### B.1 Experiencia profesional.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual ou similar contido fóra do ámbito da Administración Pública xustificárase:

No caso de servizos prestados por conta allea, achegando os seguintes documentos:

\* Contrato de traballo ou certificación da empresa correspondente ao período que se alega.

\* Certificado de cotizacións á Seguridade Social.

- No caso de servizos prestados por conta propia, achegando os seguintes documentos:

\* Xustificante de pagamento do imposto de actividades económicas de cada un dos anos en que se estivera en situación de alto no mencionado imposto.

\* Certificado de cotizacións á Seguridade Social, onde consten período e grupo de cotización, salvo aqueles colectivos profesionais que estean exentos desta cotización, o que deberá acreditarse de forma fidedigna.

- A experiencia profesional en praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificárase:

\* Achegando a documentación indicada nos parágrafos precedentes.

\* Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Dependencias ás que estean adscritos os devanditos postos.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

- Nos tres apartados do punto 1 do baremo, para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados no punto A.3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

### 3.- Fase oposición: valorarase ata un máximo de 7 puntos.

Estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Nesta fase o tribunal valorará as habilidades das persoas aspirantes ó posto, coñecementos de mecánica, maquinaria, no manexo de desbrozadora e outra maquinaria a utilizar no posto de traballo.



4. Entrevista persoal: valorarase ata un máximo de 3 puntos. O obxecto da entrevista curricular fundamentase na necesidade de definición do perfil do aspirante co requerido para o posto de que se trate e consistirá en preguntas relacionadas coas funcións do posto ofertado. A valoración da entrevista é de 0 a 3 puntos.

C) Aplicación do concurso.

Os puntos obtidos na entrevista curricular sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

D) Criterio para dirimir empates.

De se produciren empates na puntuación, a orde de desempate sera a seguinte:

- 1.- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o masculino, cando na categoría ou escala se dean as condicións de infrarepresentación establecidas no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.
- 2.- Parados de longa duración con cargas familiares.
- 3.- Persoas con discapacidade.
- 4.- Solicitantes desempregados maiores de 45 anos.
- 5.- Solicitante de maior idade.

#### V. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

1. Ademais das condicións indicadas na base II desta convocatoria, previamente á formalización do correspondente nomeamento, o aspirante proposto polo Tribunal haberá de achegar:

- a). Declaración xurada de non ter emprego retributivo con cargo a calquera organismo publico, incluída a Seguridade Social, o día da toma de posesión, estándose ao disposto na Lei 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e, en especial, ao seu artigo 10; E disposicións ditadas no seu desenvolvemento.
- b). Declaración xurada de non exercer actividades privadas incompatibles co posto de traballo que se vai desempeñar no Concello e/ou solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas que se desenvolvan á marxe do Concello.
- c). Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade das contidos no art. 36 do Regulamento de Funcionarios de Administración Local do 30 de maio de 1952.
- d). Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se achar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e). O prazo para a presentación de documentos será de 3 días naturais, contados dende o día seguinte a aquel en que se faga pública a proposta de nomeamento do persoal laboral fixo por parte do Tribunal.

2. O Sr. Alcalde do Concello de Ribadavia, mediante Resolución que se publicará na forma e lugar establecidos nestas Bases, nomeará ao aspirante seleccionado.

#### VI. BASE FINAL.

1. As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados directamente ante o órgano da xurisdición do Contencioso-administrativo competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte de última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que considere procedente, conforme establece na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. No non previsto nas bases anteriores rexerá polo Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así como o RD 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA

D/D<sup>a</sup>....., con DNI ..... e domicilio, a efectos de notificación,  
..... teléfono ..... correo electrónico  
.....

Expón:

Que enterado da convocatoria pública efectuada polo Concello de Ribadavia desexa participar no concurso convocado para a provisión dunha praza de PEON BRIGADA INCENDIOS, mediante contratación en réxime laboral temporal.

A tal efecto, faise constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria
- Que autorizo ao Concello de Ribadavia para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos ) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.ribadavia.es](http://www.ribadavia.es) ao ser de publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- Que aporto a seguinte documentación:
  - 1.- Solicitud de participación anexa ás Bases. (ANEXO I).
  - 2.- Fotocopia do DNI.

3.- Permiso de conducir B.

3.- Documentación acreditativa e dos méritos alegados:

Solicita:

Ser admitida/o a participar na presente convocatoria.

O abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Ribadavia, ..... de ..... de 2024

Sinatura

**A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases para a selección dun Peón Limpeza de Montes (Aprol rural), que de seguido transcribense:**

“BASES PARA SELECCIÓN DE PEÓN DE LIMPEZA DE MONTES POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION.

#### I. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA A CUBRIR E SISTEMA SELECTIVO ELIXIDO.

1. Convócanse procedemento para contratar un peon de limpeza de montes mediante a figura de contrato laboral temporal vinculados a programas de activación para el empleo (modelo 405), a través do sistema de acceso de concurso-oposición. Contratación subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria , expediente TR351G 2024/42 Aprol Rural. Duración do contrato ata o 01.02.2025, a xornada completa.

2. A adxudicación da praza ao aspirante aprobado efectuarase de acordo coa cualificación final obtida por este, de conformidade co disposto na Base 4ª.

3. Ao presente proceso selectivo seralle de aplicación o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 30/84 do 2 de agosto de Medidas para a Reforma da Función Pública no que non fose derogada pola anterior, a Lei 7/85 do 2 de abril de Réxime Local, RDL 781/86 do 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/91 do 7 de xuño, as presentes Bases Reguladoras xunto cos anexos que a acompañan, e supletoriamente o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, así como a Sentenza do Tribunal Constitucional 67/1989.

4. O sistema elixido para a selección do persoal será o concurso-oposición, previa remisión o Inem de solicitude de oferta xénérica de emprego para a contratación a efectuar.

## II. CONDICIÓN E REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR OS/ÁS ASPIRANTES.

1. Para ser admitido á realización das presentes probas selectivas para o acceso ás prazas convocadas, os/as aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, de conformidade co previsto pola Lei 17/93, do 23 de decembro, e Real Decreto 543/2001, do 18 de maio, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea.
- b) Ter cumprimentos 18 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación.  
Estar en posesión do título de certificado de escolaridade ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións. Non obstante, cando algunhas das prazas estea reservada aos que teñan a condición de minusválido/a, non se establecen limitacións físicas ou psíquicas senón no caso de que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións encomendadas.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin se achar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española non deberán estar sometidos a sanción disciplinaria nin condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- e) Non estar incurso/a en causa de incapacidade das establecidas na normativa vixente de Función pública..
- f) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- g) Persoas desempregadas.
- h) Dispor de carné de conducir B.

2. Os requisitos establecidos nestas Bases haberán de ser acreditados no momento de presentación de instancias e mantelos ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal.

## III. TRIBUNAL.

1. A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso a praza convocada.

2. O Tribunal cualificador do proceso selectivo estará integrado polos seguintes membros:

**PRESIDENTE:** Un funcionario do Concello designado polo Alcalde.

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: -Tres funcionarios ou laborais do concello nomeados polo Alcalde.

Os funcionarios ou persoal laboral designado deberá ter a mesma ou superior titulación que a praza/as obxecto da convocatoria.

3 Os aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal nos termos do art. 24 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 de dita lei.

4. Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza en todo caso, do Presidente e do secretario do Tribunal, ou no seu caso, dos que lle substitúan, e da metade polo menos dos seus membros designados como vogais, sen que en ningún caso poidan ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

5. O Tribunal terá capacidade para resolver cantas dúbidas e incidencias formúlense, adoptando as medidas necesarias para o normal desenvolvemento do proceso selectivo.

6. Para a cualificación dos aspirantes o Tribunal axustarase ao disposto na base IV. A) desta convocatoria.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

7. Concluído o proceso selectivo, o Tribunal fará público no Taboleiro de Anuncios, a cualificación final dos aspirantes, con indicación da puntuación obtida na fase de concurso e oposición-entrevista curricular, declarando aprobado ao aspirante que obtivera a máxima puntuación.

8. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao de prazas/postos convocados. As propostas de aprobados que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

9. Aos efectos de comunicacións e incidencias o Tribunal terá a súa sede na do Concello de Ribadavia.

10. Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización ou valoración das probas e para a publicación dos resultados.

#### IV. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

1. As probas selectivas constarán dunha fase de concurso-oposición e unha entrevista curricular.

2. Fase de concurso. O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 7 puntos. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

A) Valoración de méritos.

A.1. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade.

- Por cursos de 10 a 40 horas de duración: 0,10 puntos, ata un máximo de 0,60 puntos.

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,20 puntos, ata un máximo de 1 puntos..

- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,30 puntos, ata un maximo de 1,40 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación de 0,05 puntos.

Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

A.2. Outros Méritos. Estar en posesión de:

-Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

-Celga II: 0,20 puntos.

-Celga III: 0,25 puntos.

- Celga IV: 0,30 puntos

-Linguaxe administrativo.

Medio: 0,40

Superior: 0,50 puntos

Só se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaria Xeral de Política Lingüística e só o de maior puntuación.

Estar en posesión de carné de conducir superior o B: 1 punto.

3. Fase de oposición.

Proba práctica: valorarase ata un máximo de 7 puntos.

Estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Nesta fase o tribunal valorará as habilidades das persoas aspirantes ó posto, coñecementos de mecánica, maquinaria, no manexo de desbrozadora e outra maquinaria.

4. Entrevista persoal: valorarase ata un máximo de 3 puntos. Na entrevista preguntarase sobre o coñecemento do territorio e as características propias do contorno e da poboación que o tribunal cualificador considere.

B) Xustificación dos méritos alegados.

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A.1. Para acreditar os méritos sinalados no punto A.1. do baremo, deberá achegarse fotocopia compulsada do certificado no que consten o programa e as horas obxecto do curso realizado.

A.2. Para acreditar os méritos sinalados no punto A.2 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

C) Aplicación do concurso.

Os puntos obtidos na oposición e entrevista curricular sumaranse aos obtidos despois de aplicar o baremo establecido nas bases referidas.

D) Criterio para dirimir empates.

De se produciren empates na puntuación, a orde de desempate sera a seguinte:

- 1.- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o masculino, cando na categoria ou escala se dean as condicións de infrarepresentación establecidas no artigo 37 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para igualdade de mulleres e homes.
- 2.- Parados de longa duración con cargas familiares.
- 3.- Persoas con discapacidade.
- 4.- Solicitantes desempregados maiores de 45 anos.
- 5.- Solicitante de maior idade.

V. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

1. Ademais das condicións indicadas na base II desta convocatoria, previamente á formalización do correspondente nomeamento, o aspirante proposto polo Tribunal haberá de achegar:

a). Declaración xurada de non ter emprego retributivo con cargo a calquera organismo publico, incluída a Seguridade Social, o día da toma de posesión, estándose ao disposto na Lei 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e, en especial, ao seu artigo 10; E disposicións ditadas no seu desenvolvemento.

- b). Declaración xurada de non exercer actividades privadas incompatibles co posto de traballo que se vai desempeñar no Concello e/ou solicitude de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas que se desenvolvan á marxe do Concello.
- c). Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade das contidos no art. 36 do Regulamento de Funcionarios de Administración Local do 30 de maio de 1952.
- d). Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se achar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e). O prazo para a presentación de documentos será de 3 días naturais, contados dende o día seguinte a aquel en que se faga pública a proposta de nomeamento do persoal laboral fixo por parte do Tribunal.

2. O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, mediante Resolución que se publicará na forma e lugar establecidos nestas Bases, nomeará ao aspirante seleccionado.

## VI. BASE FINAL.

1. As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados directamente ante o órgano da xurisdición do Contencioso-administrativo competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte de última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que considere procedente, conforme establece a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.-No non previsto nas bases anteriores rexerá polo Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, así como o RD 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.”

### **Adxudicación contrato menor de servizos.**

Sendo necesario para a oferta cultural que realiza o concello a veciños e veciñas e incardinada na promoción da cultura que o artigo 25.2.m) da Lei Reguladora de bases de réxime local atribúe como competencia municipal.

Carecendo o concello de Ribadavia do persoal necesario para a prestación do servizo con persoal propio.



Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público, artigos 17 e 118.

Visto o orzamento , memoria e documentación adxunta presentada por dona Leticia Alvarez Pérez, con número de rexistro de entrada no concello 2024-E-RE-909 de 17/9/2024.

## ACORDO

Contratar con Leticia Alvarez Pérez polo importe de 14.995 euros , IVE non incluído, o contrato de servizos da seguinte actividade:

Escola de Teatro para grupos diferenciados de infantil, primaria, secundaria e persoas adultas.

Divididos en:

2 grupos de infantil

3 grupos de primaria

1 grupo de secundaria

1 grupo de persoas adultas

Talleres impartidos entre o 1 de outubro do 2024 e o 20 de xuño do 2025 segundo descrición detallada no proxecto presentado con rexistro de entrada no concello . 2024-E-RE-909 de 17/9/2024.

-O proxecto presentado con rexistro de entrada no concello . 2024-E-RE-909 de 17/9/2024 intégrase como elemento integrante e vinculante do contrato.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

A recepción da notificación do presente acordo polo adxudicatario surtirá efecto como documento acreditativo da existencia do contrato sen necesidade de formalización.

#### ADXUDICACIÓN REPOSICIÓN MURO CAMIÑO AGRÍCOLA EN MAQUIANS

Visto o estudo técnico , redactado polo enxeñeiro Oscar Rodríguez Rodríguez., cun orzamento de execución de 22.736,75 euros, IVE incluído.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público.

A xunta de goberno acorda,por unanimidade:

Contratar con CONSTRUCCIONES DURAN BARCIA SL o contrato menor de obras de REPOSICIÓN DE MURO CAMIÑO AGRÍCOLA EN MAQUIANS , concello de Ribadavia, Ourense, según o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Oscar Rodríguez Rodríguez, , por un importe de 22.736,75 euros,IVE incluído.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

A recepción da notificación do presente acordo polo adxudicatario surtirá efecto como documento acreditativo da existencia do contrato sen necesidade de formalización.

#### RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE HORARIOS A CLUBS E ENTIDADES PARA A TEMPADA 2024/2025 NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES CEDIDOS AS ENTIDADES DEPORTIVAS.

Vista a proposta emitida polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 17 de setembro de 2024.

A xunta de goberno local, por unanimidade , presta aprobación á resolución definitiva de horarios a clubs e entidades para a tempada 2024-2025 nas instalacións deportivas municipais dependentes do Consello Municipal de Deportes cedidos ás entidades deportivas:

**CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL O CONSELLO HORARIO 2024/2025**

CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL O CONSELLO HORARIO 2024/2025										
PISTA CENTRAL	HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO		
	08:30 horas	COMPETICIÓNS ESCOLARES (AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR "O RIBEIRO")						ABOADOS (9:00-13:00) COMPETICIÓN	ABOADOS COMPETICIÓN	
	a									
	13,30 h.									
	16,30/17,30	C.E.BM.	C.XIMNASIA PAVILLON(1/2P)	C.E.BM.	C.XIMNASIA PAVILLON(1/2P)	SARMIENTO	ABOADOS (16:00-20:00) COMPETICIÓN	ABOADOS COMPETICIÓN		
	17,30/18,00	SARMIENTO		SARMIENTO		ADC RIBEIRO				
	18,00/18,30	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	ADC RIBEIRO				
	18,30/19,00	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	ADC RIBEIRO				
	19,00/19,30	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	SARMIENTO				
	19,30/20,00	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	SARMIENTO				
	20,00/20,30	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	RIBEIRO AVIA	ADC RIBEIRO	SARMIENTO				
	20,30/21,00	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	RIBEIRO AVIA	ADC RIBEIRO	ADC RIBEIRO				
21,00/21,30	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	RIBEIRO AVIA	ADC RIBEIRO	ADC RIBEIRO					
21,30/22,00	SARMIENTO	ADC RIBEIRO	RIBEIRO AVIA	ADC RIBEIRO	ADC RIBEIRO					
22,00/22,30		ADC RIBEIRO	RIBEIRO AVIA	ADC RIBEIRO	ADC RIBEIRO					
SALA-1	HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES			SABADO	DOMINGO
	8:30 h.								ABOADOS	ABOADOS
	9,30 /10,30									
	10,30/11,30									
	13,30 h.									
	16,15/17,30						ABOADOS	ABOADOS		
	17,30/18:00									
	18,00/19,00									
	19,00/20,00									
20,00/21,00										
21,00/22,00										

Regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais.Art.56.- A reserva de horarios para competicións en fins de seman e festivos , farase antes do martes de cada seman de xeito telematico a traves da web [www.ribadavia.es](http://www.ribadavia.es)

**CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL O CONSELLO HORARIO 2024/2025**

		HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO	CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL " O CONSELLO "
SALA-2  O CONSELLO	8:30							ABOADOS	ABOADOS	
	10:30/11:30									
	13:30									
	17:00/18:00	MIZUKAMI E.K.		MIZUKAMI E.K.		MIZUKAMI E.K.	ABOADOS	ABOADOS		
	18:00/18:30	MIZUKAMI E.K.	MIZUKAMI GOSHIN	MIZUKAMI E.K.	MIZUKAMI GOSHIN	MIZUKAMI E.K.				
	18:30/19:30	MIZUKAMI E.K.		MIZUKAMI E.K.		MIZUKAMI E.K.				
	19,30/20,00	MIZUKAMI E.K.	MIZUKAMI E.K.	MIZUKAMI E.K.						
	20:00/21:30	MIZUKAMI E.K.		MIZUKAMI E.K.	MIZUKAMI E.K.					
	21,30/22,30	MIZUKAMI E.K.		MIZUKAMI E.K.	MIZUKAMI E.K.					
SALA MUSCULACIÓN										
	8:30 / 13:30	ABOADOS						ABOADOS	ABOADOS	
	16:15 / 22:45	ABOADOS								

**PAVILLON MUNICIPAL MAQUIANS HORARIO 2024/2025**

CEN	HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO	TWU NIC IPA L
-----	-------	------	--------	----------	-------	--------	--------	---------	------------------------

8:00	IES RIBADAVIA	IES RIBADAVIA	IES RIBADAVIA	IES RIBADAVIA	IES RIBADAVIA		
a	COMPETIÇÕES ESCOLARES A.D.E. O RIBEIRO					COMPETIÇÕES	COMPETIÇÕES
14:30	IES RIBADAVIA	IES RIBADAVIA	IES RIBADAVIA	IES RIBADAVIA	IES RIBADAVIA		
15,00/16,00	IES RIBADAVIA	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	COMPETIÇÕES	COMPETIÇÕES
16:00/16:30	IES RIBADAVIA	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM		
16:30/17:00	IES RIBADAVIA	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM		
17:00/17,30	IES RIBADAVIA	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM		
17,30/18,00	IES RIBADAVIA	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM		
18:00/18:30	IES RIBADAVIA	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM		
18,30/19,00	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM		
19,00/19:30	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM		
19,30/20,00	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM	C.E.BM		
20:00/20:30	C.E.BM	RIBEIRO AVIA	RIBEIRO AVIA	RIBEIRO AVIA	RIBEIRO AVIA		
20:30/22:00	RIBEIRO AVIA	RIBEIRO AVIA	RIBEIRO AVIA	RIBEIRO AVIA	RIBEIRO AVIA		
22:00/22:30			RIBEIRO AVIA				

Regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais..Art.56.- A reserva de horarios para competicións en fins de seman e festivos , farase antes do martes de cada seman de xeito telematico a traves da web [www.ribadavia.es](http://www.ribadavia.es)

COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL "O XESTAL" HORARIO 2024/2025								
PISTAS DE TENIS	HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO
	9:00							
	10:00							
	11:00							
	12:00							
	13:00							
	14:00							
								CLUB TENIS RIBADAVIA PISTA-2 PISTA-3
								COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL

		17:00			CLUB TENIS RIBADAVIA PISTA-2 PISTA-3		CLUB TENIS RIBADAVIA PISTA-1 PISTA-3		
		18:00							
		19:00							
		19:00							
		20:00							
		21:00							
NOVO SINTETICO F-11 / F-8	HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO	
	MAÑÁN						COMPETICIÓN	COMPETICIÓN	
	16:00 /17:00	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL			
	17:00 /18:00	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL			
	18:00 /19,00	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL			
	19,00 /20:00	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL			
	20:00/20:30	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL	RIBADAVIA ATL			
	20:30/21:30		FRANCELOS FC	FRANCELOS FC		FRANCELOS FC			
	21:30 /22:30		FRANCELOS FC	FRANCELOS FC		FRANCELOS FC			

Regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais.Art.56.- A reserva de horarios para competicións en fins de seman e festivos , farase antes do martes de cada seman de xeito telematico a traves da web [www.ribadavia.es](http://www.ribadavia.es)

E sendo as nove horas e corenta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión.